

**Unha aproximación ós *ditados tópicos* pontevedreses nos materiais
do *Diccionario geográfico popular de España***

Xosé-Afonso Álvarez

David Rodríguez Lorenzo

Damián Suárez Vázquez

(Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela)

Este artigo, dedicado ós *ditados tópicos* de Pontevedra (isto é, xentilicios, alcumes, cantigas ou refráns referidos a calquera das entidades de poboación da provincia), conclúe o percorrido pola xeografía galega que emprendemos no número 61 de *El Extramundi y los Papeles de Iria Flavia*.

Como quedou dito en artigos anteriores, a nosa intención é ofrecer algunhas mostras dos interesantes materiais compilados por Camilo José Cela para o seu proxecto de *Diccionario geográfico popular de España*, do que só chegou a publicar o primeiro tomo, dedicado a cuestións xerais e mais ós ditados referentes a España no seu conxunto, en 1998. O Nobel padronés estivo sempre moi interesado na cultura popular, especialmente na súa interrelación coa xeografía, tal e como amosan os seus recoñecidos libros de viaxes (*Viaje a la Alcarria, Del Miño al Bidasoa*, etc.), ou tamén o seu nomeamento como Catedrático de *Literatura y Geografía Populares* en Palma de Mallorca, cargo exercido de 1980 a 1986. Movidado por tal afección, CJC emprendeu o ambicioso proxecto de *Diccionario geográfico popular de España*, arriba citado, baseado en recollidas de materiais xa publicados (p.ex. nas varias obras de Vergara) e en preguntas sobre o terreo. Porén, enseguida se deu conta de que non era factible efectuar esa recolla cos escasos recursos humanos de que dispuña e, por iso, buscou outras formas de levar a cabo a empresa.

Cela contou coa entusiasta colaboración de Correos. Cómpre lembrar o afecto por este corpo, pois xa en 1950 escribira un *Elogio del Correo*, complementado por outros artigos de tema postal, e os carteiros tiñan unha presenza salientable nas súas obras, especialmente nos libros de viaxes. Na primavera de 1971, CJC enviou, a través das Xefaturas correspondentes, máis de 25000 enquisas para que os carteiros informasen dos alcumes, cantigas, xentilicios, etc. da súa circunscrición ou dos territorios veciños. As respostas obtidas consérvanse na Fundación Camilo José Cela en Iria Flavia. Do territorio galego, descontadas aquelas que non teñen información relevante, existen 1338 fichas (no que respecta á provincia de Pontevedra, contamos con 382 fichas, nas que están representados 56 dos 62 concellos que compoñen actualmente a provincia). En xullo de 2008 a Fundación asinou un convenio co Instituto da Lingua Galega para a dixitalización e estudo deses ricos materiais. Non queremos rematar sen sinalar que Cela foi nomeado en 1982 “Carteiro Honorario”, por todos estes vínculos con Correos, e sen manifestar o noso agradecemento ós carteiros por esta colaboración que, en moitos casos, é dunha riqueza encomiable, aínda máis tendo en conta que as condicións de traballo non eran as mellores. Como nos denuncia o carteiro de Guláns (Ponteareas) na súa ficha: *Yo soy cartero rural; llevo una vida muy dura y nunca salgo de comer verdura*.

Á hora de crear un alcume para os habitantes dunha determinada localidade, un dos procedementos máis usados é facer referencia ós oficios máis comúns no citado lugar. Vexamos algúns exemplos. Atopamos varios *campaneiros* nos nosos materiais, aínda que cómpre ter presente que esa palabra pode designar tanto a quen fai campás como a quen as tanxe, un labor complicado, pois hai que distinguir os toques de festa, de mortos, de enterro, de alerta...). En varias parroquias da Estrada (cando menos en Codeseda e Vinseiro) son *campaneiros*, e uns quilómetros máis ó suroeste tamén reciben esa alcuña os de Arcos da Condesa, referencia que parece plenamente xustificada, pois foi alí onde se forxaron as campás da catedral madrileña da Almudena, nun taller en activo desde 1630: <http://flocos.tv/curta/campaneiros-de-arcos>. Os traballos manuais son frecuentes: *canteiros*, os de Ponte Caldelas, os de Tameiga (Mos) ou os de Vincios (Gondomar); *couracheiros* en Oliveira (Pontearreas), pois alí curtíanse peles. Outros alcumes que non faltan son os que teñen que ver coa cría ou venda de animais. Así, temos *cabreiros* en Busto (Lalín), *porqueiros* en Meiroz (Mondariz) ou en Santeles (A Estrada) e *peixeiros* en moitos lugares, por exemplo Marín.

Pero hai tamén alcumes máis rechamantes. Os habitantes de dous lugares, presumiblemente por se dedicaren ó comercio, reciben a alcuña de *traficantes*: Bendoiro (Lalín) e A Graña (Covelo). Na ficha de Ponte Caldelas indícase que os de Vigo son *carteiristas*, unha alcuña que tamén levan os da parroquia pontevedresa de Lérez, onde viviu algún tempo, na compañía dalgúns moinantes da súa cuadrilla, o coñecido carteirista Venerando, arquetipo da súa “profesión”, do que se relatan innumerables anécdotas sobre as súas habilidades, entre elas que lle roubou o reloxo ó cura da parroquia mentres xogaban unha partida de cartas. Por último, curioso tamén, sinalemos que os da Lamosa (Covelo) son *capadores*; infórmanos o carteiro: *Era oficio relevante, hasta hace muy poco; tiene varios titulados en la escuela de veterinarios de León*.

Outro mecanismo moi produtivo para a creación de alcumes, como xa tivemos ocasión de comentar para as outras provincias galegas, son os produtos que se cultivan ou recollen nunha determinada localidade. É de salientar o grande número de alcumes relacionados coa pesca, mariña ou fluvial. Os de Cangas reciben o nome de *pulpeiros*, os de Vilanova de Arousa son *fanequeiros*, os de Ponte Caldelas chamanse *trucheros* (indica o carteiro que cubriu a ficha que se celebra unha Festa da Troita, nun río que *no tiene un nombre muy poético, pues se llama río Verdugo*). O carteiro de Louredo (Mos) infórmanos de que os veciños de Redondela son *chocos* ou *choqueiros*. Como cantaba Suso Vaamonde, bebendo dunha canción popular: *Este pandeiro que toco / por moito que repenique / non teñas medo que rache / que é de coiro de cacique // Para peixe fresco, Vigo, / para chocos, Redondela, / para camaróns, Moaña, / para caciques, Pontevedra*.

As plantas, tanto aquelas que crecen bravas como as que se cultivan, son outro viveiro para o nacemento de alcumes. Os de Viascón (Cotobade) son *saramagueiros*. Ós habitantes de Noceda (Lalín) aplícaselles a alcuña de *bolerqueiros* (a *beleca* ou *bolerca* é unha castaña oca, que só presenta a casca, pois non chegou a desenvolverse). Atende a outro froito, neste caso o do carballo, a ficha recollida en Alxén, Salvaterra do Miño, na que se indica que os de Cabreira (se cadra, a Cabreira de Tomiño) son *landreiros*. Obviamente, moitos alcumes, especialmente os que teñen un referente que abunda no territorio galego, non son específicos dun sitio, como *pataqueiros*, documentado, por exemplo, para os de Arcos de Arriba (Cuntis) ou para os de Matamá (Vigo). A xente de Madriñán (Lalín) recibe o nome de *repoleiros*, mentres que *ceboleiros* son os de Bascuas (Silleda).

Algúns veces, os carteiros incorporan nas súas fichas unha información que explica e contextualiza os alcumes. Lemos que as persoas de Caldas de Reis son chamadas *burras*, pero non é, como se podería pensar, con intencións ofensivas, senón que hai unha razón que o xustifica, polo menos segundo xustifica o carteiro: *Apodo que nace por el hecho de que en esta villa había un plantel de estos animales que se usaban como medio de transporte para dirigirse a caballo a los Ayuntamientos del partido judicial, cuando suministraban leche con fines curativos para afecciones catarrales, mezclada con aguas termales*. Noutros casos, xa temos dúbidas sobre se o alcume se deberá á abundancia de tales animais na localidade ou, máis ben, á arte da burla do veciño. Algúns exemplos: *cucos* (Esperante, Agolada), *porcos* (Fornelos de Montes e Larazo, Vila de Cruces), *ratos* (Sangorza, Agolada; Ferreiros, Cuntis e Loño, Vila de Cruces), *teixugos* (Ventín, Fornelos de Montes), etc.

Porén, un gran número de alcumes son de carácter ofensivo, máis ou menos grave, creados pola xente dos lugares veciños, que queren facer burla deles. Obviamente, a grande maioría deles son simples mencións xocosas que non teñen base real; en moitos casos están motivados sinxelamente por motivos tan prosaicos como a rima, ou, incluso, algún xogo de palabras. Os de San Cristovo de Borraxeiros (Agolada) son chamados *borracheiros*, e, por dar outro exemplo, existen na provincia *coreanos*, só que non son nin de Corea do Norte nin do Sur, senón de Cora (A Estrada) e Coruxo (Vigo). A variedade de alcumes negativos é abraiante: *borrallentos* (Ouzande, A Estrada), *carrachas* ou *carrachos* (Brocos, Agolada ou Piñeiro, Cuntis), *piollosos* (Piloño, Vila de Cruces), *tiñosos* (A Baíña, Agolada ou Cambados), etc. Nalgúns casos, é máis probable que nalgún momento existise unha razón que xustificase a alcuña, como a de *traquillantes* (= tratantes, comerciantes) de *vacas vellas* (Romai, Portas) ou *afogacristos* para os de Carril, que no seu momento algúns estudosos da cuestión explicaran, *se non è vero, è ben trovato*, porque nunha romaría lles caera o santo á auga.

Aínda que os alcumes opostos, os “positivos” son os menos, si que é certo que os hai curiosos. Nalgúns casos, incluso, a proluxa explicación do carteiro fai sospeitar unha invención recente, sexa propia, sexa dalgún orgulloso parroquiano que quixo que o lugar figurase ben parado no *Diccionario* de don Camilo. Vexamos dous exemplos. Os de Tenorio (Cotobade) teñen de alcume *trazantes*, que en galego significa ‘enxeñoso, mañoso, inqueda...’ O carteiro xustifícaa deste modo: *El apodo de trazantes deriva (sic.) de un carro que al andar dio vueltas a una cuerda alrededor del eje, y unos opinaban cortar la cuerda otros, cortar el eje y los de Tenorio carro atrás* [supoñemos que quixo dicir *mover el carro hacia atrás*] *y por eso somos “Trazantes”*. Dos habitantes de Donsión (Lalín) dinos o autor da ficha que son *hombres (sic) de ciencia, por llevar el “don”*.

O enxeño popular non se limita ós alcumes, senón que é moi frecuente que se creen refráns referidos ás diferentes localidades, moitas veces en forma de advertencia e consello: *En Petán* [A Cañiza], *nin bo carneiro nin boa lan*; *En Sabaxáns* [Mondariz], *boa xente e malos cans*, etc. Como xa advertimos anteriormente, estes ditos non teñen que ser tomados ó pé da letra, porque case sempre son meros xogos de rimas. Non consta que en Catasós (Lalín), Pontearreas ou Toutón (Mondariz) sexan especialmente dados á cleptomanía, pero as nosas fichas están cheas de advertencias nese sentido: *Puntearearas, deja la capa donde la veas, si miras para atrás, no la verás más*; *Catasós, catorce veciños e quince ladrós*; *Toutón, cada casa seu ladrón...* Ademais, en moitos casos constatamos que son refráns que se repiten por toda a xeografía galega, só cambiando a localidade. No artigo dedicado a Lugo recolleemos o dito *se vas a Miranda, leva o pan na manga*, aludindo ó carácter avaro daquelas xentes, que non daban de

comer ó visitante; pois ben, nas fichas pontevedresas dísenos que *se vas pra Camba, leva o pan na manga, e se vas pra Deza, que non che esqueza*, e tamén que *se vas pra Dozón, leva o pan no bolsón, e por se acaso vas pra Deza, que non che esqueza*.

Noutros casos, o nome xeográfico tamén vén esixido pola rima, pero xa non hai unha intención denigratoria, senón que son refráns que conteñen unha ensinanza auténtica, como aquel que nos insiste en que *os encargos sen diñeiro quedan no cabo Silleiro*; así se recolleu en Baredo (Baiona), pero noutros puntos de Galicia prefírese *encargos sen diñeiro non pasan de Sigüeiro*. Hai veces en que o refrán ten equivalentes máis alá do Padornelo: en moitas ocasións alértasenos contra a excesiva xenerosidade de quen non só traballa gratis, senón que ata perde cartos co seu labor. En Baíña (Baiona) dise que *o xastre de Baíña cose de balde e pon as liñas* e por toda España hai ditos semellantes, como aquel que di que Fulano é *como el sastre del Campillo, que cosía de balde y ponía el hilo*.

Para rematar este artigo, quixemos seleccionar unha serie de cantigas. Algunhas delas serán familiares a quen lese artigos anteriores doutras provincias, xa que son estruturas que se repiten, mudando só os lugares aludidos: *Os de Moreira mataron un burro / os de Angoade comérono crudo / os de Cristiñade puxeron bandeira / que lles deixaran a tripa cagueira / e os de Pontearreas mandaron recado / que lles deixaran a punta do rabo* (recollida en Angoares, Pontearreas).

Certas cantigas son de exaltación das bondades dos propios habitantes, nalgún caso en detrimento da xente da contorna: *En Peitieiros, boas mozas / en Gondomar, churumelas / en Baiona, morriñosas / en Couso, a flor delas*. Moi semellante: *Na Picoña, carrascudas / en San Xorxe, Taramelas / en Cabreira hai boas mozas / e en Salceda a flor delas*. Como se adiviña facilmente, estas cantigas foron recollidas, respectivamente, en Couso (Gondomar) e Santa María de Salceda (Salceda de Caselas). Porén, en Peitieiros (Gondomar) teñen outra versión para a primeira delas: *As de Couso son boas mozas / as de Chaín, churumelas / as de Morgadáns, pimenteiras / de Peitieiros, a flor delas*. Pódese constatar que a gabanza das mulleres é un frecuente leitmotiv destas composicións: *As de Cella si, as de Bueu non; as de Cella beben polo garrafón* (Cella, Bueu). *As mozas de Vilanova din que non beben viño / e debaixo do mantelo levan o xerro escondido* (Vilanova, Tenorio, Cotobade, onde tamén se recolleu este lamento: *Do monte de Vilanova / heiche de dar un asubío / adiós, mociñas de Xeve, / non podo pasar o río*).

Quixemos presentar unha pequena mostra de *ditados tópicos* que confirmase o interese do noso proxecto de edición dos materiais inéditos do *Diccionario Geográfico Popular* referidos ó territorio galego, que ofreceremos nos próximos meses a todos os interesados. Posteriormente, e para completar este rico acervo de datos, está prevista a incorporación doutros materiais, procedentes de refraneiros, cancioneiros ou, incluso, da colaboración dos propios habitantes, que queiran compartir os seus coñecementos e ampliar, así, o noso rico patrimonio cultural.